



**sindicato  
labrego galego**  
comisións labregas

membro de:



Gabinete de Prensa - R/ Ofelia Nieto 13-23, baixo. 15705 . Santiago de Compostela  
981 554 147 / 649 541 773 prensa@sindicatolabrego.com www.sindicatolabrego.com

**Comunicado de  
prensa do SLG**

**02-01-2017**

## **O SLG insta a Medio Rural para que reclame á Axencia Tributaria a exención fiscal nas axudas de incorporación ao agro**

**As persoas beneficiadas son sometidas a un auténtico acoso burocrático e chegan a tributar até un terzo da subvención recibida entre IRPF e sancións**

O ano 2016 remataba coa conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, presentando o reparto de fondos europeos do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR) 2014-2020 para apoiar pequenas granxas, plans de mellora nas explotacións agrarias e a incorporación de xente nova.

Dende o Sindicato Labrego Galego vemos positivamente as 618 incorporacións de xente nova ao agro aprobadas, xa que a remuda xeracional e o acceso de mozos e mozas á profesión agraria debe ser unha prioridade de Galiza como país para afrontar retos como a estruturación do territorio, o despoboamento rural, a absoluta dependencia alimentaria do exterior ou o paro xuvenil; retos que non se poden afrontar cunha agricultura, como a nosa, na que máis do 60% dos e das profesionais superan os 60 anos de idade e tan só o 5% ten menos de 40<sup>1</sup>.

Porén, tamén nos preocupa fondamente a ausencia total de medidas para solucionar a morea de problemas que supón para a xente nova que se incorpora á actividade agraria recibir unhas axudas que, en principio, deberían servir para apoiar os inicios dunha actividade profesional. Sen embargo, lonxe de axudar, recibir esas axudas está a supor para moita xente nova un auténtico viacrucis burocrático, impositivo e sancionador por parte da Axencia Tributaria que, en 2016, supuxo para moitos mozos e mozas unha redución dun terzo da contía recibida e quedar sen liquidez na posta en marcha da súa actividade profesional.

Así, temos exemplos reais de mozos e mozas que cobraron, en 2014, ao redor de 22.000 € de subvención aos que, ao ser considerados ganancia patrimonial, se lles quitou de impostos entre 5.000 e 6.000 €; se, por riba, cometeron o erro de non declarar a subvención -as persoas

<sup>1</sup>Datos estadísticos de 2013.

beneficiadas non son informadas de que deben facelo- entón ao imposto houbo que engadir unha multa, levándolles Facenda máis de 7.000 €. A isto, súmase o agravante de que, ao serlles aprobadas as axudas en 2014, a Axencia Tributaria obrigoulles a pagar na declaración da renda dese ano, cando o cobro efectivo da axuda foi en 2015. Mesmo houbo casos de persoas beneficiarias que renunciaron á axuda ou, finalmente, cobraron unha contía menor, ás que se lles obrigou a pagar igual. Dado que non foron anunciadas medidas para solucionar estes problemas por parte de ningunha administración -nin Consellaría de Medio Rural, nin Ministerio de Facenda- é previsible que os 618 expedientes de incorporación aprobados en 2016 na Galiza vaian sufrir os mesmos problemas.

### **Necesidade de exencións fiscais para a xente nova que aposta pola agricultura**

Para o Sindicato Labrego Galego, as axudas para apoiar a incorporación de xente nova ao agro deben estar exentas de tributar impostos, xa que fiscalizalas atenta contra a función para a que foron concibidas e unha excesiva imposición, como o IRPF actual, crea dificultades engadidas ás persoas beneficiarias nun período moi delicado da súa actividade profesional no que se deben enfrontar a numerosas amortizacións e precisan dispoñer de liquidez.

Como medida transitoria, mentres non se regule esa exención, pedimos que se unifique o criterio de ratear o imposto sobre esta subvención durante os cinco anos obrigatorios do período de instalación, tal e como xa fan algunhas administracións e como se fixo até 2014; e que non se lle cobre a ningunha persoa beneficiada a totalidade do IRPF no mesmo ano coma se a axuda fose un incremento de capital.

Por todo o devandito, se a Consellaría de Medio Rural desexa realmente que as axudas de incorporación apoiem de verdade os inicios na profesión agraria de mozos e mozas, instámola a reunirse con responsábeis da Axencia Tributaria para tratar todas estas cuestións e a esixir, de maneira inmediata, a unificación de criterios para que todas estas axudas sexan consideradas investimento de capital por Facenda, de maneira que tributen de xeito rateado; e, a medio prazo, negocien co Ministerio de Facenda a exención de tributos para este tipo de axudas.

Saúdos do gabinete de comunicación do Sindicato Labrego Galego

Se precisan máis información, poden falar con Conchi Docampo, labrega afectada por esta problemática que forma parte da Dirección Nacional do SLG, no 649 686 804; ou co técnico do

SLG, Antón Villarino, no 630 970 132